



## II CONCURSO DE COPLAS DE ENTROIDO

### “ENTROIDO ZAPPING”

2013

Por segundo ano, convócase un concurso de coplas de entroido (apropósitos). Que son? Pois son composicións satíricas que teñen como obxectivo facer rir aludindo a diversos aspectos da sociedade (a crise, a corrupción nos políticos, a televisión, etc.)

A continuación explicamos de maneira moi sinxela o procedemento para facelas e as bases do concurso.

#### PROCEDEMENTO:

1. Elixide unha canción que vos guste, coñecida por todos.
2. Cambiádelle a letra por unha que fagades vós
3. Interpretade a nova canción no salón de actos, o día no que se celebre o noso entroido. Podedes acompañarvos de instrumentos musicais.

## BASES:

1. No concurso poderá participar todo o alumnado do noso IES.
2. Podedes presentarvos individualmente ou en grupo, ata un máximo de 10 compoñentes.
3. A interpretación das coplas terá lugar o venres, día 8 de febreiro no salón de actos.
4. O/A(s) participante(s) entregaránlle/s ao xurado unha copia escrita da letra que presenten, antes da interpretación. Descartaranse as letras que poidan ser irrespectuosas e ferintes para algún membro da comunidade educativa: (alumnado, profesorado, pais/nais e calquera membro da comunidade escolar)
5. O xurado estará composto por 3 profesores, 3 alumnos, 2 ou 3 membros da ANPA (se é posible).
6. Outorgaranse dous premios nos que se valorarán as mellores composicións e interpretacións.



Grazas pola vosa colaboración !!